

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

DATA PUBLICACIÓN: [17/06/2023]

CRITERIOS DE AVALIACIÓN DA PARTE A

Desenvolvemento por escrito dun tema elixido de entre cinco do temario oficial, extraídos ao chou polo tribunal.

O persoal aspirante:

- Desenvolve o tema cunha correcta organización dos contidos, de forma lexible, con pulcritude e corrección gramatical e ortográfica.
- Desenvolve todos os apartados do tema con claridade na exposición dos conceptos.
- Desenvolve cada un dos apartados do tema elixido con profundidade, demostrando os coñecementos específicos, técnicos actualizados sobre os distintos aspectos do tema correspondente e emprega un vocabulario técnico axeitado.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN DA PARTE B.1

Preparación, presentación e exposición, e defensa dunha unidade didáctica. A unidade didáctica poderá referirse a unidades de traballo debendo relacionarse cos resultados de aprendizaxe do correspondente módulo profesional e, se é o caso, coas capacidades terminais asociadas ás das unidades de competencia propias do perfil profesional.

O persoal aspirante demostrará a súa aptitude pedagóxica e o dominio das técnicas necesarias para o exercicio docente. Aplicaranse os criterios contidos na rúbrica publicada no anexo VIII da ORDE do 5 de decembro de 2022 pola que se convocan os procedementos selectivos.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN DA PARTE B.2

Realización dunha serie de exercicios propostos polo tribunal.

O persoal aspirante:

- Elabora a resposta dos exercicios de maneira organizada, con pulcritude, claridade e utilizando unha axeitada expresión escrita.
- Desenvolve os exercicios de acordo cos seus enunciados de xeito completo, correcto e exacto.

- Xustifica a resolución do exercicio de maneira didáctica organizando e desenvolvendo todos os pasos necesarios ata acadar o resultado final. Non serán tidos en conta os resultados non xustificadas.

- Na resolución amosa coñecementos técnicos e didácticos actualizados, así como as capacidades de tipo instrumental necesarias.